

# UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS COSTEIRAS

Nos case 1.200 km de costa que ten Galiza pódese atopar unha gran diversidade de formacións montañosas que alternan con superficies de aplanamento, rías ou enseadas.

No norte o máis destacado é a serra da Capelada. Na zona de costa entre Ferrol e as Rías Baixas destaca os montes Buxantes, Pindo e Tremuzo, e pequenas serras e montañas que caen ao mar formando cantís como Punta Nariga, O Roncudo, Serra de Pena Forcada ou Fisterra. Na área das Rías Baixas as serras seguen unha dirección perpendicular á costa formando penínsulas e saíntes que separan as distintas rías (Barbanza, Castrove, O Morrazo). A partir da ría de Vigo as serras seguen unha dirección N-S, paralela á costa (Galiñeiro, Groba).



## O PINDO E BUXTANTES

Os puntos máis altos son o Monte Aro, na Ruña, con 646 m, e o Pico da Moa, con 627 m.

O Monte Pindo está declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposto para a Rede Natura 2.000.

Hai varias estradas que conducen a Buxantes e A Ruña, que teñen parques eólicos. Ao Pindo só se pode acceder a pé, desde as poboacións do Pindo ou Fieiro.



Vista desde o Pindo sobre o mar de Fisterra.

## SERRA DO MORRAZO

O punto máis alto é o Faro de Domaio con 622 m, expléndido miradoiro sobre a ría de Vigo.

Na zona hai numerosas mámoas, un mirador en Coto Redondo e un lago artificial e un parque con animais.

O acceso pódese facer desde Pontevedra, Marín, Moaña, Vilaboa ou Meira.

Montes do Morrazo e ría de Pontevedra desde o alto do Castrove.



## SERRA DA CAPELADA

O cume máis alto é o Vixía Herbeira con 613 m de altura. Destaca polo interese xeolóxico (cantís, rochas) e a presenza de especies vexetais pouco comúns ou únicas.

A zona é un punto de interese xeolóxico internacional, polo grande interese dalgunhas das súas rochas, as máis antigas da Península Ibérica, con máis de 1.100 millóns de anos. Unha parte está declarada Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Accedese desde Cedeira ou Cariño.




Santo André de Teixido e A Capelada co Vixía Herbeira. Os cantís da Capelada son os máis altos da Península e uns dos máis altos de Europa.

## SERRA DO BARBANZA

As alturas máximas son o Iroite (685m), o Barbanza: 652 m e o Enxa (543 m). Un dos aspectos máis interesantes desta zona son as vistas panorámicas sobre as rías de Noia e Arousa, e as costas de Corrubedo e Aguiño.

Pódese acceder desde Boiro, A Pobra, Ribeira, Porto do Son ou Noia.



Vista de Ria de Arousa desde a Curota, lugar declarado Sitio de Interese Nacional.



Panorámica desde o monte Enxa. Á esquerda o Iroite e á dereita a Curota.

## SERRA DE PENA FORCADA

O punto máis alto é o alto de Rascabolos, con 300 m de altura.

Os aspectos de maior interese desta serra son as formacións graníticas de Traba e Pasarela, Arou, Santa Mariña...

Accedese desde a estrada de Laxe a Camariñas, ou de Camelle a Camariñas pola costa.



Penedos de Traba e Pasarela. Situados no extremo oriental da serra da Pena Forcada.



## MONTE CASTROVE

O cume máis elevado é o Castrove, con 613 m. Desde o alto hai unhas boas vistas sobre o Salnés e A Ría de Arousa cara ao oeste e da ría de Pontevedra polo sur.

O acceso pódese facer desde Sanxenxo, Meaño, Ribadumia, Meis ou Poio.



Vista do Val do Salnés co Monte Xiabre ao fondo.

## SERRA DA GROBA

O cume máis alto é o monte da Groba, con 663 m.

Accedese por unha estrada que sae de Baiona cara ao Rosal, desde Oia pola estrada de Torroña, ou desde A Guarda.

O montes da Valga están entre Oia e A Guarda. Os puntos máis altos son o Corrubedo, con 597 m e o San Xián, con 552 m. Desde o alto vese A Guarda, a costa e o val do Rosal.

A Serra de Argallo está entre O Rosal (val do río Tamuxe) e Tomiño (val do ríos Tollo, Pego e Hospital). Ten excelentes vistas sobre o esteiro do Miño.



Vista da serra desde o alto do Torroso (A Guarda).

Lique

Adela Leiro  
Mon Daporta

## MONTES DO GALIÑEIRO

O pico máis alto é o monte do Galiñeiro con 705 m. A esta serra pertence o monte Aloia que Foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional no 1935 e Parque Natural no 1978 (746 ha) e conta cun centro de recepción de visitantes.

O acceso ao Galiñeiro faiuse desde Vincios ou Morgadáns, e ao Aloia, desde Tui. Desde os cumes hai boa vistas panorámicas sobre a costa de Baiona e a Ría de Vigo cara ao Oeste e sobre as Gándaras de Budío no Leste.



O Galiñeiro desde o Arruido. As rochas están espida de vexetación despois de varios incendios.